



# PLAN DIXITAL

## CEIP SERRA-VINCICIOS

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 6. Certificación do Consello escolar

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

Centro: CEIP SERRA-VINCIOS

Dirección: A Serra s/n 36316 Vincios, Gondomar

Número de teléfono: 886 120 042

Dirección de correo electrónico: [ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal](mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal)

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios/>

Etapas educativas, alumnado e profesorado:

	Alumnado	Profesorado
Educación infantil	51	4
Educación Primaria	124	6
Outras especialidades		7
Total	175	17

....

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.**

*O colexio escolariza ao alumnado da nosa área de influencia que é a Parroquia de Vincios, aínda que nos últimos anos se están matriculando alumnos/as de parroquias limítrofes.*

*Socioloxicamente o alumnado pertence, na súa maioría, a familias da clase traballadora cun nivel cultural medio ou medio-baixo, aínda que ultimamente está chegando alumnado de fóra da parroquia.*

*A relación dos pais e nais co centro é boa, con asistencia maioritaria ás xuntanzas de clase e contactos fluídos co profesorado, ademais de participar en algunhas actividades que se lles propón como contacontos, cociña, horto,...*

*Os pais/nais do alumnado do centro que voluntariamente o desexan agrúpanse na Asociación de Nais e Pais Santa Mariña do CEIP Serra Vincios e réxese polos seus estatutos correspondentes.*

*No noso centro respéctanse os valores democráticos, atendendo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou físico e promovendo o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de tódolos membros da comunidade educativa, sen ningún tipo de discriminación. Ademais, a biblioteca permanece aberta no recreo e polas tardes, no horario de garda dos profesores, permitindo o acceso aos membros da comunidade educativa que o precisen, non só para facer empréstimo de libros senón para empregar os recursos tic para a procura de información ou elaboración de traballos, ou estar no espazo Maker.*

- ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa, ....***

No noso PEC, no apartado 5.3. Obxectivos Xerais do Centro, figuran os seguintes obxectivos relacionados coas TICs:

- *Aproveitar ao máximo o emprego das novas tecnoloxías da información e da comunicación para a aprendizaxe do alumnado como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable na demanda da sociedade actual.*
- *Deseñar e participar en plans, programas ou proxectos que propicien a innovación educativa.*

No punto 5.7 Metodoloxía:

*O centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos, en especial os recursos TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. O emprego da robótica, os ordenadores e as tablets dentro das nosas aulas, axúdanos a afondar nos diferentes proxectos iniciando a alfabetización dixital dos alumnos nun entorno seguro e controlado, adaptándonos á realidade na que vivimos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala.*

No ANEXO IV\_PEC: PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (PITIC) recóllese:

*A implantación das novas tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual é unha realidade polo que a escola non pode permanecer á marxe deste cambio social e debe adaptarse a esta nova realidade.*

*A integración das TIC no ámbito educativo posibilita, por unha banda, unha mellora substancial na xestión dos centros educativos e, por outra, un avance significativo nos procesos de ensino e aprendizaxe. De aí a imperiosa necesidade de que estas sexan utilizadas por todo o profesorado no seu día a día na aula.*

*A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha posición integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos . Outro dos factores que inflúe no tratamento das novas tecnoloxías e que a competencia dixital aparece citada como unha das 7 competencias, concretamente a 3º: Competencia dixital cos seguintes obxectivos:*

- *Continuar e afianzar o proceso emprendido de “alfabetización dixital” de tódolos membros da Comunidade Educativa.*
- *Contribuír á integración dos novos medios nas aulas.*
- *Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar , organizar, transformar, representar e comunicar empregando todos os recursos que posuímos ( tablets, robots, ordenadores...).*

- ***Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.***

No Apartado 10 da PXA figura o equipo de dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación (EDTIC) que inclúe o plan de integración das tic e programa edixgal.-

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC onde aparece o Equipo de Dinamización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (EDTIC), obxectivos, metodoloxía, actividades a desenvolver, normas e horarios da aula de informática, normas dos equipos de biblioteca, normas para o uso dos escornabots na biblioteca e na aula.

*PROGRAMA E-DIXGAL : recolle o equipo do proxecto EDIXGAL, aspectos iniciais a ter en conta, normas para a correcta utilización dos ultraportátiles nas casas, normas para a correcta utilización dos ultraportátiles na aula e consecuencias dun mal uso dos equipos.*

*Recollía tamén o PLAN TIC DE ACTUACIÓN EN SITUACIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE OU DE EDUCACIÓN A DISTANCIA.*

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

#### **Normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:**

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

*En liña coas orientacións establecidas no plan de recuperación e resiliencia da unión europea e no marco do plan de acción de educación dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require dun proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun plan dixital do centro como organización.*

*Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse, polo tanto, ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras de información e xeradoras de información e de coñecemento.*

*En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles (robots, tablets, cámaras, ordenadores...) para resolver problemas reais de modo eficiente. Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.*

*Por todo o anterior, a aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.*

*Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación no centro.*

## 1.4. Proceso de elaboración

### **Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixtal.**

*Este Plan dixital foi elaborado polo Equipo Directivo, recollendo as aportacións feitas polo profesorado ao cubrir a enquisa SELFIE e o test de Competencia Dixital Docente e seguindo as orientacións dos asesores do CFR.*

## 2. Situación de partida

*Dende o curso 2016-17 formamos parte do Proxecto de Innovación de Bibliotecas escolares: “O emprego do escornabot na Biblioteca”, que actualmente recibe o nome de “Biblioteca Creativa”.*

*Este proxecto marcou un antes e un despois á hora do emprego dos recursos tics nas aulas, así como o Plan de lectores dixitais (dentro do PLAMBE de bibliotecas) que tamén nos deu a posibilidade de mercar tablets e ebooks e empregalos no día a día das nosas aulas.*

*Todo isto fixo que o Equipo Tics teña que traballar de maneira conxunta co Equipo de Biblioteca, para dinamizar estes proxectos. A situación actual de cambio metodolóxico na que está inmerso o centro e a dotación aportada por estes dous proxectos deu lugar á creación dunha nova aula no centro: “Aula Creativa”, que ten como fin traballar as competencias clave do noso currículo, dunha maneira dinámica, onde os rapaces constrúan os seus propios coñecementos a través de proxectos onde as Tic xoguen un papel fundamental tanto á hora de realizalos como na procura de información.*

*Estes recursos son utilizados como:*

- *Fonte de adquisición de información (Internet, webquest...)*
- *Canle de comunicación interpersonal (correo electrónico, AbalarMobil páxina web...)*
- *Medio de expresión e creación (vídeos, fotos, montaxes diversos...)*
- *Ferramenta para o traballo titorial e docente (programacións, elaboración de taboleiros de robótica, emprego de editores de textos para realizar traballos, presentacións...)*
- *Xestor dos recursos administrativos do centro (proxecto Xade)*
- *Xestor da biblioteca: na biblioteca funciona un sistema de préstamo de libros co Proxecto Meiga. O alumnado pode ir á biblioteca no seu horario coa titora, (Ver horario no anexo) nos recreos (libre), ou polas tardes (coas familias)*
- *Recurso interactivo para a aprendizaxe (Smart Board, actividades de páxinas web, emprego de Apps, repositorios de recursos, aula virtual (moodle), etc.)*
- *Novos contornos virtuais (actividades en liña, ELBE-2.0)*
- *Afondamento de contidos por parte dos alumnos (actividades cos escornabots...)*

*Para o mellor aproveitamento destes recursos, no equipo de TICs, hai como mínimo un representante de cada ciclo, que informa ao resto dos membros do seu ciclo dos acordos que se toman neste equipo.*

*Por último, para dar apoio a todos os mestres do centro, o Equipo TIC analiza e propón sesións de formación en torno ao emprego dos recursos TIC no desenvolvemento de proxectos de aula; se fora necesario, crearíanse liñas de formación asesoradas polo Centros de Formación e Recursos, e así dar resposta a futuros proxectos nos que nos involucremos.*

## 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).**

O centro conta cunha conectividade de 100Mb dende a participación no programa “Escolas Conectadas” ( 2018) que colocou no centro unha antena receptora e instalou un novo switch e diferentes router wifi para dar servizo a todas as aulas do centro.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
  - Aulas dixitalizadas: 9 aulas con 9 ordenadores portátiles, 23 tablets, e 7 Encerados Dixitais Interactivos (EDI), **faltan por dotar 2 aulas.**
  - Proxecto E-Dixgal: 2 aulas con 51 equipos para o alumnado e 6 para os titores e especialistas.
  - Equipos de xestión e administración: 3 ordenadores en dirección
  - Uso na biblioteca: 3 para alumnado e 1 de xestión.
  - Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos:
    - 3 ordenadores na sala de profesores
    - 2 ordenadores en orientación,
    - 1 ordenador en música, non dispón de EDI
    - 1 ordenador en inglés e un EDI.
    - 1 ordenador en relixión
  - Equipos ultraportátiles para aula móbil: non temos aula móbil
  - Aulas de informática: 10 ordenadores de sobremesa para o alumnado e 1 de profesor.
  - Dotacións para proxectos específicos:
    - PLAMBE: 1 ordenador,
    - Biblioteca Creativa: 4 escornabots e 1 impresora 3D
    - Plan Lía: 3 tablets e 1 Ipad
    - Outros equipos para docencia: 11 tablets, 5 ipad,

**Polo que necesitaríamos 3 EDI para as aulas que non teñen, unha en infantil, en música e outro nunha aula de Ed. Primaria que falta por dotar.**

- **Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...)**

**PLAN TICS:** Contamos cun [Plan TICS](#) incluído no PEC no anexo IV, e desde este curso estamos elaborando o presente Plan dixital.

**PÁXINA WEB:** Actualmente temos unha [páxina web](#) na que se colga toda a información do centro e as actividades realizadas nas conmemoracións. (<http://centros.edu.xunta.gal/ceipserravincios/>)

**BLOGUES:** Ademais, contamos cos blogues dos diferentes ciclos, e aulas onde se suben as actividades que realizan cada un deles: obradoiros, excursións...Ademais os diferentes equipos tamén contan con blogue propio: inglés, educación física, música, biblioteca escolar, aula de apoio, horto escolar e TICS. A todos eles se pode acceder dende a páxina inicial do centro.



21-22

**AULA VIRTUAL:** Por outra banda, desde 1º a 4º de E.P. utilizamos a aula virtual para colgar actividades interactivas e material de reforzo e/ou ampliación.

**PLATAFORMA EDIXGAL:** En 5º e 6º utilizan a plataforma EDIXGAL.

**ABALAR:** Para as comunicacións coas familias utilizamos o ABALAR móbil, e o espazo ABALAR.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

A veces, xorden problemas técnicos que non podemos solucionar por falta de formación ao respecto, para o que o centro ten contratado un servizo técnico que ven ao centro unha vez ao mes, ou cando é necesario. Temos unha folia de incidencias enriba de cada CPU, que o técnico revisa cando ven ao colexio. Sería conveniente que no centro houbo unha persoa con preparación suficiente a este respecto.  
Recibimos axudas puntuais dos técnicos da UAC.

- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).**

Todos os Plans e protocolos do centro figuran na páxina web no apartado de Secretaría\_ - Documentos do centro- descargas, na barra lateral esquerda, incluído:

- [ANEXO IV PEC: PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN \(PITIC\)](#)
- [PLAN DE CONTINXENCIA](#)
- [PROTOCOLO COVID](#) que está sendo actualizado continuamente, seguindo as instrucións da consellería.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** A continuación reflicto a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,6				
	Profesorado	3,9				



	Alumnado	4,6				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,2				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4,5				

**Test CDD: A continuación reflicto a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflictir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.**

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	13	84,6%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	1	2	50%
OUTROS	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Ed. Infantil	73	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Ed. Primaria	82,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	8	50%
B1	5	31,25%
	2	12,5%
	1	6,25%
C2		
TOTAL	16	100%

**Outras fontes: A análise DAFO tamén se reflexaron outros aspectos observados en relación aos aspectos externos.**

### 2.3. Análise DAFO

***A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.***

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1.A nosa infraestrutura dixital respalda o ensino-aprendizaxe por parte da Consellería, só 2</p> <p>2.Temos dispositivos dixitais a disposición do alumnado Edixgal, e outros a disposición de familias desfavorecidas.</p> <p>3.Facilitamos o acceso a internet (superior a 100Mbps)</p> <p>4.Dispomos de sistemas de protección (folla de autorización) de datos e imaxe</p>	<p>1.Asistencia técnica no centro por parte da Consellería, só 2</p> <p>2.as profesoras teñen coñecementos para arranxos sinxelos.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>1.O profesorado ten acceso a formación permanente.</p> <p>2.Promovemos o intercambio de experiencias sobre tecnoloxías dixitais</p> <p>3.O noso profesorado busca recursos dixitais en liña.</p> <p>4.Parte do noso profesorado emprega entornos de aprendizaxe en liña (Edixgal, aulas virtuais)</p> <p>5. Utilizamos tecnoloxías dixitais nas Comunicacións coa comunidade educativa.</p>	<p>1. Falta tempo en horario laboral (37,5h) para explorar novas tecnoloxías dixitais.</p> <p>2.Falta tempo en horario laboral (37,5h) para o intercambio de experiencias en tecnoloxías dixitais.</p> <p>3.Falta tempo en horario laboral (37,5h) para crear recursos dixitais en liña.</p> <p>4. Poucos profesores utilizan tecnoloxías dixitais para a avaliación.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>1. A coidadora do noso centro colabora co centro en moitas actividades e proxectos.</p>	<p>1.Non temos conserxe definitivo o que dificulta o bo funcionamento do centro (mantenemento, timbres de entradas, saídas, ter que abandonar clases para atender o teléfono ou timbre...</p>
	ALUMNADO	<p>1.O centro dispón de dispositivos para o alumnado de 5º e 6º Edixgal, e algúns máis para familias desfavorecidas, tablets, ordenadores, ebooks e acceso a ELBE2.</p>	<p>1.Hai moitas diferencias sociais e económicas entre o alumnado, o que ocasiona moitas diferencias de oportunidades entre eles, que repercuten a nivel tecnolóxico.</p>
	FAMILIAS	<p>1.A maioría das familias dispoñen de dispositivos electrónicos en boa coñexión a Internet e colaboran co centro no se lles solicita.</p>	<p>1.Hai algunhas familias con nivel socioeconómico e cultural baixo incluído a nivel tecnolóxico.</p>
	OFERTA	<p>1.O centro oferta: comedor, aula matinal e actividades extraescolares.</p> <p>2.O centro oferta transporte escolar.</p> <p>3.O centro dispón de dispositivos electrónicos para familias desfavorecidas que o precisen.</p>	<p>1.Necesitamos 3 encerados dixitais. (1º C. música e EI)</p>

	<p>4.O centro dispón de ordenadores para todo o alumnado de 5º e 6º Edixgal.</p> <p>5.Temos encerados dixitais, tablets, ebooks para case todas as aulas.</p>	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1.Temos unha estratexia dixital elaborada en colaboración co profesorado.</p> <p>2.Apoiamos ao profesorado para que exploren novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3.No centro dispomos de asistencia técnica cando xurden problemas: 2 profesoras do centro (só para cousas sinxelas) e un tectico externo e privado, ademáis da UAC.</p>	<p>1.Non temos unha estratexia dixital clara</p> <p>2.Pouco profesorado valora os progresos con estratexias dixitais</p> <p>3.Gran parte dos problemas técnicos deben ser solucionados por un técnico privado co custo que iso supón.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Temos programa Edixgal</p> <p>2. Oferta formación do profesorado, cursos e PFPP</p> <p>3.Actividades ofertadas polo Plan director</p>	<p>1.Temos poucas achegas económicas para renovacón de equipos TICs</p> <p>2.Pouca actuación para solucionar everías e para asesoramiento.</p> <p>3.Dan pouco tempo para trámites burocráticos e implementación de plans.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1. Existe lexislación sobre licenzas.</p> <p>2. Existe lexislación sobre protección de datos e imaxes, e temos ao día.</p>	<p>1. Pouco material libre, e o que hai é máis limitado, tanto en programas, como en imaxes, músicas, etc.</p> <p>2.Pouco coñecemento do material libre.</p> <p>3.Contínuos cambios de leis educativas, co conseguinte esforzo burocrático e de actualización (currículos, programacións, etc) que iso supón.</p>
	CONTORNA	<p>1.Aumento progresivo da infraestrutura de rede na zoa próxima ao centro.</p>	<p>1. Débil e inestable conexión de rede en parte do aumnado.</p>
	ANPA	<p>1. Temos boa relación coa ANPA que colabora co centro en todo o que poden.</p> <p>2. Boa predisposición das familias cando se necesitan, titorías, proxectos, etc.</p>	
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1.Comunidade de Montes: temos proxectos comúns como plantación de autóctonas e eliminación de eucaliptos.</p> <p>2.Concello: oferta e difunde</p>	

		<p>obradoiros e proxectos varios.</p> <p>3. Deputación de Pontevedra: oferta obradoiros, visitas e proxectos varios.</p> <p>4. Clubs deportivos locais: realizan sesións prácticas no centro para fomentar a participación do alumnado en deportes varios.</p> <p>5. Obradoiros gratuítos de diferentes organizacións con fins educativos: mel de galicia, ...</p>	
--	--	--	--

### 3. PLAN DE ACCIÓN

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidimos en obxectivos que supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

##### **Secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:**

A análise DAFO fíxose a partir da autoenquisa SELFIE realizado polo profesorado, equipo directivo e alumnado do centro, e do test de CDD.

De aí sacáronse as debilidades, e fortalezas do centro, e as ameazas e oportunidades da contorna.

E establecemos as áreas prioritarias de mellora no curso 2022-2023, os obxectivos (SMART) que queremos conseguir, contextualizados ás áreas de mellora en relación coas do marco DigComOrg.

Cubrimos as táboas de cada obxectivo proposto para o curso 2022-2023 onde figuran:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- As accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, a temporización e os recursos necesarios.
- Na mesma táboa hai un partado para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Neste apartado incluímos as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, e a **finalidade** para a que se precisan ditas melloras.

*Necesitamos 3 Encerados Dixitais Interactivos, pois temos 3 aulas nas que non temos: Música, unha aula de Educación Infantil e 1 aula de Primaria. Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo*

### 3.3. Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

*Nas páxinas seguintes aparecen as táboas de obxectivos propostos para o próximo curso:*

- 1. Establecer un equipo de profesores/as (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital Centro (PDC)** (Liderado A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado)
- 2. Actualizar os bancos de recursos gardados nos DRIVES de ciclo, nas AULAS VIRTUAIS, e na plataforma EDIXGAL** (E1 Recursos educativos en liña, Pedagogía, apoios e recursos)
- 3. Facer itinerario da competencia dixital do alumnado desde 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria** (H10 competencias dixitais do alumnado, habilidades dixitais para diferentes materias)
- 4. Formar ao alumnado para o uso responsable e seguro das TICs, tomar conciencia da súa pegada dixital e a reputación dixital.** (H1 comportamento seguro, H2 comportamento responsable)
- 5. Facer unha análise específica dos coñecementos do profesorado do centro para promover o acompañamento acompañar ao profesorado que o precise no uso de ferramentas dixitais.** (B3 colaboracións, D3 intercambio de experiencias C11, C12 Fenda dixital)
- 6. Instalar nos equipos da aula de informática o programa de Office Libre.** (A5 Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso)

“Área/s de mellora”:							
<b>1.OBXECTIVO (1):</b>	Establecer un equipo de profesores/as (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital Centro (PDC) (Liderado A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado)					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de persoas implicadas no EPD						
<b>Valor de partida (3)</b>	Só o equipo directivo						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	20% do claustro de profesores				Setembro		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
<b>AO1.1:Facer unha reunión do claustro e CCP para explicar a importancia do PDC</b>	Dirección	Setembro	Convocatoria de claustro Normativa Convocatoria de CCP		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO1.2:Motivar ao profesorado a colaborar concedendo unha hora de reunión aos membros do PDC</b>	Dirección Inspección	Setembro	Visto bo da inspección		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”:						
<b>2.OBXECTIVO (1):</b>	Actualizar os bancos de recursos gardados nos DRIVES de ciclo, nas AULAS VIRTUAIS, e na plataforma EDIXGAL (E1 Recursos educativos en liña, Pedagogía, apoios e recursos)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Todos os cursos teñen un banco de recursos en algunha das modalidades ao rematar o curso.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Hai banco de recursos en: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Drive (Educación Infantil (3,4,5 anos), Educación Primaria 1º, 2º) <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aulas virtuais (1º, 2º, 3º, 4º)</li> <li>• Plataforma EDIXGAL en (5º e 6º)</li> </ul> </li> </ul>					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Todos os cursos teñen un banco de recursos actualizado en algunha das modalidades ao rematar o curso.			Xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO2.1: Facer unha reunión de CCP e claustro de profesores para informar ao profesorado das opcións .</b>	Xefatura Equipo de Profesores do Plan Dixital	Setembro	Convocatoria de CCP Convocatoria de Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: Informar ao profesorado do banco de recursos existente e actualizalo.</b>	Profesorado	Xuño	Contas Drive Aulas Virtuais Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3: Facer unha reunión para comprobación das actualizacións</b>	Xefatura	Xuño	Reunión do profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



<b>“Área/s de mellora”:</b>							
<b>3.OBXECTIVO (1):</b>	Facer itinerario da competencia dixital do alumnado desde 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria (H10 competencias dixitais do alumnado, habilidades dixitais para diferentes materias)					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura e equipo TICs					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Ter un itinerario claro do que o alumnado debe saber facer ao remate de cada curso.						
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai itinerario dixital						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Ter un itinerario dixital						xuño
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>AO3.1:Realizar unha reunión de claustro e CCP para coñecer os mínimos o finalizar 6º de Educación Primaria</b>	Xefatura Equipo do Plan dixital Equipo TICs	1º trimestre (decembro)	Currículum de E. Primaria Curriculum de E. Infantil		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO3.2:Realizar reunións de ciclos desde 3º ciclo ata E.Infantil para decidir os obxectivos en competencia dixital</b>	Equipos de ciclo	2º trimestre (marzo)	Currículum de E. Primaria Curriculum de E. Infantil		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO3.3:Crear o documento e levalo ao Claustro para a súa aprobación.</b>	Dirección	2º trimestre (marzo)	Convocatoria de Claustro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”:						
<b>4.OBXECTIVO (1):</b>	Formar ao alumnado para o uso responsable e seguro das TICs, tomar conciencia da súa pegada dixital e a reputación dixital. (H1 comportamento seguro, H2 comportamento responsable)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Realización de charlas ao alumnado de 4º, 5º e 6º sobre o uso das tecnoloxías e redes sociais.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Trátase o tema nas titorías e coas familias a principio de curso e cando xorde algún problema.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Alomenos unha charla de expertos no curso			3º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO4.1: Solicitar charlas de expertos (Plan director ou outros) para concienciar ao alumnado da necesidade do uso responsable de Internet.</b>	Orientadora	Setembro ou cando saia o Plan director	Personas expertas en perigos das tecnoloxías.(Plan director ou outros)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2: Analizar e valorar as charlas co alumnado en clase (cooperativo)</b>	Titoras alumnado	Inmediatamente despois de feita a actividade	Horario de titoría		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.3: Traballar en torno aos documentos de normas de utilización de equipos</b>	Titoras	1º trimestre (outubro)	Documentos coas normas de utilización de equipos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:							
<b>5.OBXECTIVO (1):</b>	Facer unha análise específico dos coñecementos do profesorado do centro para promover o acompañamento acompañar ao profesorado que o precise no uso de ferramentas dixitais. (B3 colaboracións, D3 intercambio de experiencias C11,C12 Fenda dixital)					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TICs					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número e relación das accións encamiñadas ao acompañamento entre profesores para facilitar o uso das tecnoloxías.						
<b>Valor de partida (3)</b>	Alguns profesores teñen coñecementos variados en TICs, (edición vídeo, aula virtual, EDIXGAL, etc), pero outros non.						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Alomenos 4 accións levadas a cabo para facilitar os acompañamentos, un por ciclo					Xuño	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
<b>AO5.1: Facer unha reunión para asignación de mestres a nivel, ciclo e equipos de dinamización</b>	Xefatura E TICS	Setembro	Convocatoria de CCP Convocatoria de Claustro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO5.2:Realizar a técnica de cooperativo “As Páxinas amarelas” para determinar quen pode axudar dúbidas TICs.</b>	Equipo TICs Equipo de ciclos	setembro	Tarxetas para facer a actividade (oferta/demanda) Cadro de recollida			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO5.3: Facer a análise e valoración procedemento</b>	Equipo do Plan Dixital e TICs	Xuño	Reunión profesores			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”:						
<b>6. OBXECTIVO (1):</b>	Instalar nos equipos da aula de informática o programa de Office Libre (A5 Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TICs				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Crear en tódolos escritorios un icono para acceder ao programa de maneira sinxela e rápida					
<b>Valor de partida (3)</b>	Equipos da sala de informática con Microsoft Office e algúns con Open office					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Procesador de textos con Office libre en todos os ordenadores da aula de informática con acceso directo no escritorio			xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO6.1: Elaborar a PXA e introducilo como un dos obxectivos para o curso</b>	Equipo TICs	setembro- outubro	Reunión do equipo TICs		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO6.2: Instalar Office libre e poñer acceso directo no escritorio nos ordenadores da aula de informática.</b>	Equipo TICs	decembro	descarga de programa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO6.3: Elaborar algunha guía rápida para o uso de Office libre</b>	Equipo TICs	xuño	Pantallazos do programa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:

**Avaliación procesual:** avaliaremos unha vez ao rematar cada trimestre.

Os aspectos a valorar serán os seguintes: estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

**Avaliación final:** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

Este Plan será enviado para a súa lectura a todos os membros do Claustro, e do consello Escolar para a súa aprobación o día 29 de xuño.

Ao principio do curso 2022-2023 formará parte da Programación Xeral Anual que tamén será enviada para a súa aprobación en Claustro e Consello Escolar.

Formará parte tamén do PEC (Proxecto Educativo do Centro) como anexo IV, substituíndo ao Plan de TICs.

Será subido á páxina web, co resto dos Plans, Protocolos e documentos do centro, na parte esquerda da páxina, no apartado de Secretaría.

## 6. Certificación do Consello Escolar

Este Plan de Funcionamento do Comedor Escolar que figura nas páxinas anteriores a esta certificación, foi aprobada polo Consello Escolar en sesión ordinaria celebrada o día **29 de xuño de 2022**.

En Vincios, a 29 de xuño de 2022



Xefa de Estudos  
Elena Paz Alonso

Director  
Miguel D. González Barreira

Secretaria  
Ana M<sup>a</sup> Iglesias Iglesias